

Concello de Moeche



A Coruña

Constitucion da nova corporacion e eleccion de Alcalde

No salón de actos da Casa do Concello de Moeche, sendo as doce horas do día once de xuño de dous mil once, é, para dar cumprimento ó que se dispon nos artigos cento noventa e cinco e cento noventa e seis da Lei Órgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réximen Electoral Xeral, modificadas polas Leis Orgánicas 1/1987 do 2 de abril; 8/1991 de 13 de marzo; 6/1992 de 2 de novembro; 13/1994 de 30 de marzo; 1/1997 de 30 de maio e 3/1998 de 15 de xuño e arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, refrentes á constitución das Corporacións Locais e a elección de Alcalde, reuníronse en sesión pública, os Sres. concelleiros electos nas Eleccións Locais de data vintadous de maio de dous mil once, que son os que seguen:

- **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:** D. FELIPE M. FERREIRA TOUCEDO, D. BEATRIZ BASCOY MACEIRAS E D. JORGE JUAN BRAÑAS CASTRO
- **PARTIDO POPULAR:** D. JULIO LOPEZ ROMEO, D. FAUSTINO PITA ROMERO E D. ROBERTO CARLOS BOUZA SEDES
- **PROGRESISTAS POR MOECHE:** D. XULIO CRIBEIRO GARCIA. D. JORGE GONZALEZ ANEIROS E D. JOSE LUIS PENA ALVARIÑO

Todos os concelleiros electos presentaron na Secretaria Xeral a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona, de acordo co establecido no artigo 7 do Regulamento de organización funcionamento e rexime xurídico das entidades Locais, e a preceptiva declaración para a inscrición nos Registros de Bens Patrimoniales e no Rexistro de Actividades de conformidade co art. 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, como trámite previo legal para este acto

FORMACIÓN DE MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA Á ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Seguidamente procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo maior de idade, de entre os asistentes, D. JULIO LOPEZ ROMEO, que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamen de entre os asistentes D. ROBERTO CARLOS BOUZA SEDES, e actuando como Secretaria da mesma a que o é da propia Corporación.

Concello de Moeche



A Coruña

Unha vez constituída a Mesa de Idade, e comprobadas as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobando que se cumpre a esixencia determinada nos arts. 195.4 da mencionada Lei orgánica e 37.4 do referido Regulamento

A continuación, e en conformidade co art. 108 da Lei Orgánica de Réxime electoral en relación co Real Decreto 707/1979, de 5 de abril a continuación procedese a tomar xuramento ou promesa os Concelleiros electos.

En consecuencia, se formula a seguinte pregunta :

«Xurades ou Prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigacións do cargo de concelleiro do Concello de Moeche con lealdade o Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?».

Unha vez cumpridos os trámites perceptivos o presidente da Mesa de Idade, en exercicio das facultades que outorga a lexislación vigente PROCLAMA FORMALMENTE CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MOECHE

Procedendose, acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da repetida Lei orgánica e 37.4 do referido Regulamento, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando proclamados os que seguen:

CANDIDATURA	CANDIDATO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	D. FELIPE MANUEL FERREIRA TOUCEDO
PROGRESISTAS POR MOECHE	D. XULIO CRIBEIRO GARCIA
PARTIDO POPULAR	D. JULIO LOPEZ ROMEO

Por acordo adoptado co voto de 5 dos 9 membros da Corporación a elección de Alcalde faise mediante votación nominal, producíndose o seguinte resultado

D. Julio Lopez Romeo SEIS (6) Votos

D. Felioe ferreira Toucedo TRES (3) votos

En consecuencia resulta proclamado Alcalde o candidato D. Julio Lopez Romeo por ter obtido o voto da maioría absoluta dos membros da Corporación

ACTA DE ARQUEO

A continuación pola Sra. Secretaria - Interventora, dase lectura da acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da

Concello de Moeche



A Coruña

Corporación, depositados na Caixa Municipal e nas Entidades bancarias, ditos resúmenes son os que seguen:

1º. DA ACTA DE ARQUEO

EXISTENCIA A 15/06/2007.....	- 83.516,00 euros
Conta 2091-0210-87-3110000016 de Caixa Galicia.....	- 43.356, euros
Conta 0030-6296-85-000001271 do Banco Español de Credito.-	28.627,52 euros
Conta 1004-8058-82-0200150447do Banco de Credito Local.....	- 11.515,59 euros
Caixa da Corporación.....	0 euros

Por último, de orde do Sr. Presidente da Corporación, pola infraescrita Secretaria dase lectura o artigo 38 das varias veces citado Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, de dito contido quedan enterados todos os asistentes